



museo do mar
de Rianxo

Sendo o mar un elemento identificador de Rianxo, e mesmo de Galicia, e habida conta da tradición cultural derivada da súa explotación durante milenios, o **Concello de Rianxo** entende importante realizar unha serie de actuacións, tanto de carácter infraestructural, como de equipamento e dinamización que, ademais de conservar e difundir aqueles elementos más significativos deste acervo cultural, contribúa ó asentamento e mellora dos sinais de identidades de Rianxo, así como á mellora socioeconómica e cultural do seu territorio, no marco dunha proposta de desenvolvemento local sostible e axustada ás diversas realidades da contorna.

Preténdese, en definitiva, unha activación patrimonial viva, cun proxecto definido de crecemento e renovación, que irá ampliando as súas ofertas e instalacións en base á experiencia e á optimización dos recursos. Un proxecto integrador e colaborador, que procura establecer convenios con institucións vinculadas ó mar para acadar fins comúns a prol da protección, investigación e divulgación do medio e patrimonio marítimo de Rianxo e de Galicia.

Museo do Mar de Rianxo.

O museo ven se-lo buque insignia do Proxecto **Rianxo, o mar feito tradición** e o centro director de todo o entramado museístico e dinamizador do mesmo.

Sitúase nun vello edificio, a “Casa do Coxo” (chamábase así porque pertenceu a un excéntrico e devoto boticario de principios do século XX) restaurada para o efecto, nun dos lugares máis céntricos da vila de Rianxo, e a súa orientación é fundamentalmente etnográfica e antropolóxica. Consta de tres andares (soto, baixo e primeiro andar), nos que se trata o medio en relación coa actividade extractiva, as embarcacións tradicionais no seu quefacer socioeconómico e a construcción das mesmas.

Primeiro andar

As embarcacións.

Sala adicada á recreación de embarcacións a través de maquetas. Acheva o seu proceso construtivo, o deseño e as ferramentas, así como os distintos sistemas de propulsión.

Biblioteca.

Pequena biblioteca temática sobre o mar, a cultura marítima tradicional, a actividade extractiva e, en xeral, calquera manifestación ou ámbito vinculados cos contidos do museo.

Baixo

O mar e a pesca.

Sala expositiva que achega a realidad do mar en tanto que camiño de comunicación. Sitúa a Rianxo na súa relación co mar e introduce ó home surcando as augas ou traballando nelas, con especial achegamento á pesca costeira artesanal.





Soto

Obradoiro de carpintería de Ribeira.

Esta sala recrea un taller tradicional de pequenas embarcacións. Ademais de paneis explicativos, pódese aprecia-lo banco do carpinteiro, as pezas e ferramentas que usaba, mostras de madeiras, unha xeiteira a escala e a medio construír e mesmo o trípode no que serraban os taboleiros.



museo do mar
de Rianxo

Praza Castelao, 13. 15920 Rianxo (A Coruña) Tlf./fax: 981 860 755
www.museodomarderianxo.com /// info@museodomarderianxo.com